



Presentación do congreso 'Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega 1976-2016'
© PontevedraViva

Pontevedra

40 anos de poesía galega serán revisados nun congreso no Pazo da Cultura en outubro

Por Anxo Lourido
ás 17:56 do Xoves 21 de Setembro, 2017

A asociación de escritores en Lingua Galega (AELG) organizará o 6 e o 7 de outubro un congreso no Pazo da Cultura de Pontevedra baixo o título 'Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega. 1976-2016', unha proposta na que se analizará o percorrido da poesía durante o últimas catro décadas.

Este xoves presentábase no Concello de Pontevedra este congreso no que se velará polas inxedanzas e intereses dos autores da lingua galega. A concelleira de Cultura, Carmen Fouces; o presidente da AELG, Cesáreo González; a secretaria da asociación, Mercedes Queixas e o coordinador do congreso, Ramiro Torres, presentaban este encontro como un acto transversal por **unha poesía pola que non pasa o tempo, segundo indicou Cesáreo González, de maneira que consegue que a cultura sexa actual.**

Ao longo deste evento desenvolveranse seis mesas redondas, nas que o público poderá participar.

O congreso iniciarase o venres 6 cunha mesa que coordinará Marta Dacosta na que se estudarán estas catro décadas de produción de poesía e con outro coloquio centrado no

teatro e outras formas de comunicación do poético, coordinado por Afonso Becerra.

Durante o sábado 7, Mercedes Queixas encargárase de **dirixir o encontro sobre interaccións poéticas**; Ramiro Torres coordinará o de tradución e diálogos con outros sistemas poéticos; Chus Nogueira revisará con varios relatores a crítica ao longo dos últimos 40 anos e Carlos Negro tratará na súa mesa a innovación poética, o trans-xénero e as novas modalidades. **Durante estes encontros haberá referencias á autora recentemente falecida Xohana Torres.**

O programa completárase cun recital poético o venres 6 a partir das 21.15 horas no espazo Nemono en Riestra. **As mesas redondas estarán abertas ao público pero será necesario inscribirse a través da web da AELG.**